

# **BASES REGULADORAS DA CAMPAÑA**

## **“MERCAÑIZA 2017”**

### **1.- OBXECTO:**

É obxecto das presentes bases regular as condicións nas que se vai a desenvolver a campaña “Mercañiza 2017”

A dita campaña consistirá nun sorteo entre os clientes dos comercios do municipio de vales de compra para empregar nos establecementos adheridos á presente campaña.

### **2. NORMATIVA APLICABLE:**

As presentes bases regularanse polo contido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o R.D. 887/2006, polo que se aproba o seu Regulamento, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**3. DURACIÓN:** A presente campaña desenvolverase entre o 1 de XULLO de 2017 e o 28 de febreiro de 2018.

**4.- BENEFICIARIOS:** Poderán adherirse á campaña “Mercañiza 2017”, tódolos establecementos comerciais do Concello de A Cañiza, que así o soliciten expresamente.

4.1 Os comerciantes interesados deberán inscribirse nas oficinas municipais. No momento da súa adhesión entregaráselle inicialmente un talonario de 100 rifas a cada comerciante, debendo asinar unha solicitude de participación, así como, o compromiso de aceptar e respetar os vales de desconto obxecto de sorteo. Os comerciantes poderán pedir en calquera momento que o necesiten máis talonarios de rifas.

4.2 As rifas terán carácter gratuíto para os clientes e serán entregadas aos mesmos por cada comerciante por compras superiores a dez euros (10 €)

### **5.- CONTÍA DOS PREMIOS:**

A cantidade total a repartir durante a campaña será de 6.000 (seis mil euros), imputable á aplicación orzamentaria 2015.334.48000, a repartir en dous sorteos: **25 de agosto e 29 de decembro** do xeito seguinte:

**30 vales de compra por valor de 100 € cada un.**

## **6.- FUNCIONAMENTO DOS SORTEOS:**

6.1 Os días anteriores a cada sorteo, os comerciantes deberán entregar nas oficinas xerais do Concello as matrices correspondentes ás rifas distribuídas ata ese momento, que serán as que se empreguen para a realización de cada sorteo público.

6.2. O días 25 de agosto e 29 de decembro de 2017, celebrarase no Concello o sorteo, diante do Secretario Municipal, ou persoa en quen delegue, que dará fé da celebración e resultado do mesmo.

Os números premiados poderanse consultar na páxina web [www.caniza.org](http://www.caniza.org).

6.3. As persoas que resulten premiadas deberán recoller nas oficinas municipais os correspondentes vales de compra que poderán **empregar ata o día 28 de febreiro de 2018, nos establecementos adheridos.**

## **7. XUSTIFICACIÓN**

En calquera momento durante a vixencia da presente campaña despois de efectuado o primeiro sorteo e ata un mes despois do prazo máximo para a utilización dos vales premiados, os empresarios adheridos achegarán ao Concello as correspondentes facturas xunto aos vales premiados que foran canxeados no seu establecemento, e debendo facer constar expresamente nas facturas o concepto “Campaña mercañiza 2017”, así como expresión do detalle do número de vales canxeados

Os empresarios que nunca tiveran facturada ao Concello deberán achegar asemade unha copia do seu CIF e o Certificado da Conta Bancaria no que o concello faralle o ingreso.

## **8. REINTEGRO DAS ACHEGAS**

De conformidade co disposto no artigo 14.j) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, o incumprimento das disposicións establecidas nas presentes bases, así como calquera outra disposición reguladora das subvencións públicas, orixinará o reintegro total ou parcial da achega percibida.

## **9. OBRIGA DE INFORMACIÓN**

Os establecementos adheridos como beneficiarios das achegas, deberán subministrar ao Concello cando sexan requiridos para elo, a información que fora precisa aos efectos de facer as comprobacións que se estimen oportunas.